

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Lista definitiva persoas adm/excl, tribunal, lugar e data praza Auxiliar de biblioteca (OEP-E 2022)

ANUNCIO

Expediente núm. 2022/E001/000029

Mediante o Decreto núm. 1685/2024, do 27 de agosto (expediente 2024/G003/001747), da alcaldesa en funcións, aprobouse a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, a composición do tribunal e a determinación do lugar, día e hora do comezo do proceso selectivo, para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de **auxiliar de biblioteca**, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º **Aceptar a renuncia** presentada por **María Carmen Ferreiro Bellas**, con DNI (cifrado) ***0239**, pola causa alegada pola interesada.

2º **Aprobar** a relación **definitiva** de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de auxiliar de biblioteca, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo C2, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Barro Díaz, María Guadalupe	***8988**	Si	
2	Bañal Tejjido, María Luz	***9384**	Si	
3	Calles Alonso, Brais	***6532**	Si	
4	De La Peña Calvo, Natalia	***9194**	Si	- Aporta documentación acreditativa de titulacións superiores á esixida para o acceso que non indica na relación de méritos (Anexo I)
5	Fernández Santomé, Cecilia	***8043**	Si	
6	Freire Zaragoza, Verónica	***1389**	Si	
7	Pazos Soto, Paula	***0905**	Si	
8	Vizcaíno Fernández, Azucena	***0255**	Si	

As persoas aspirantes en posesión do Celga 3 (ou equivalente), están exentas de realizar a proba de galego a que se refire a base sétima das bases específicas do proceso selectivo.

b) Persoas aspirantes excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Bascoy García, Noemí	***0495**	Si	2, 5	
2	Ferreiro Bellas, María Carmen	***0239**	Si	6	
3	Pérez Dopico, Diego	***1454**	Si	1, 2	
4	Rodríguez Velázquez, Roberto	***5564**	Si	2, 4, 5	
4	Viñas Mayo Rubén	***9158**	Si	2, 5	- Non aporta o certificado dos servizos prestados na Administración Pública que alega no apartado 6.2.1a.2) - Aporta documentación acreditativa de experiencia profesional e de cursos de formación que non indica na relación de méritos (Anexo I)

· CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- (1) A solicitude non se presenta na sede electrónica do Concello das Pontes (base 5.1 das bases da convocatoria)
- (2) Falta a declaración responsable que establece a base 5.2a) das bases da convocatoria
- (3) A declaración responsable non se axusta ao que establece o artigo 5.2a) das bases específicas
- (4) Presenta a certificación supletoria provisional ao título cunha data superior a un ano dende a súa emisión. Debe presentar o título académico esixido nas bases específicas
- (5) Non presenta a relación de méritos conforme ao modelo do Anexo I das bases da convocatoria
- (6) Renuncia da interesada (por xubilación)

3º) O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

4º) **Designar** as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou laboral fixo deste concello, para integrar o órgano de selección na condición que en cada caso se indica:

– Presidencia:)

Titular: Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral (praza asimilada ao subgrupo A1)

Suplente: María Carmen Rego Piñeiro, persoal laboral (praza asimilada ao subgrupo A1)

– Vogalías:

1.ª):

Titular: José Sanjurjo Paz, funcionario do subgrupo A2

Suplente: José García López, persoal laboral (praza asimilada ao subgrupo C1)

2.ª):

Titular: José Alvarinho López, persoal laboral (praza asimilado ao subgrupo A1)

Suplente: Carlos Teijeiro Paz, funcionario do subgrupo C1

3.ª):

Titular: Margarita Rivera Piñeiro, persoal laboral (praza asimilada ao subgrupo C1)

Suplente: Isabel Carballo Rivera, persoal laboral (praza asimilada ao subgrupo C2)

– Secretaría:

Titular: Sandra López Rodríguez, funcionaria do subgrupo C1

Suplente: Lara López Ares, funcionaria do subgrupo A1

5º) Fixar lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso, nos seguintes termos:

a) Día: **martes, 15 de outubro de 2024**

b) Lugar: salón de sesión da casa do Concello

c) Constitución do tribunal: **08:45 horas**

d) Valoración da fase de concurso: **09:00 horas**

e) Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

6º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico) e na páxina *web* municipal, tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

7º) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a concellaría delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

As Pontes de García Rodríguez, 29 de agosto de 2024

A alcaldesa en funcións

Elena López Seco